



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE LUGO NO ÁMBITO DO URPI-58

Promotor e órgano substantivo: Concello de Lugo

Expediente: 2022AAE2651

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Lugo conta con orde de aprobación definitiva parcial condicionada do 29.04.2011. O PXOM incorpora coa denominación "URPI-58" a ordenación da unidade de actuación CS-5, aprobada mediante plan especial de reforma interior (PERI) o 07.11.2005. O Tribunal Superior de Xustiza (TSX) ditou sentenza (num. 100/2017) pola que anula parte de dita orde de aprobación do PXOM do 29.04.2011 no que respecta á ordenación urbanística do ámbito da CS-5.
- 2 O 01.02.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Lugo no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do PXOM de Lugo no ámbito do URPI-58" (en diante Modificación ou MP). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
- 3 O 02.02.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, mediante publicación dos documentos recibidos no portal web e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
- 3 A LSG establece tamén que, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá a documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).





A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación puntual do PXOM

Ámbito de actuación: terreos inseridos na unidade de actuación "URPI-58" do PXOM de Lugo, delimitada pola rolda República Arxentina, un quinceiro de edificios residenciais, a zona verde "Costas do Parque Rosalía de Castro" e a unidade de actuación denominada PERI-1.

O ámbito está clasificado no planeamento vixente como solo urbano non consolidado e ten asignados os usos residencial, espazos libres e zona verde e mais equipamento.

Superficie: 10.945,00 m², segundo recolle a ficha do PXOM.

Obxecto: dar cumprimento á sentenza num. 100/2017 do TSX de Galicia que anula o PERI do ámbito CS-5 (URPI-58 no PXOM vixente). O PERI prevía a execución de tres bloques de notable altura e visibilidade, dos cales actualmente están parcialmente edificadas dous.


Alternativas: o documento ambiental estratéxico avalía catro alternativas:

- A alternativa 0 (cero) comporta non facer no ámbito ningún tipo de edificación de carácter lucrativo (uso residencial), só o equipamento esixido polo planeamento, e recuperar a rasante natural do terreo tras o derrubo das edificacións existentes.
- As alternativas restantes (1, 2 e 3) propoñen materializar o aproveitamento dispoñible procedente do plan anulado (limitado consensuadamente cos técnicos municipais a 1,5 m²/m²), diferenciándose entre elas pola disposición dos bloques.

Proposta: óptase por desenvolver a alternativa cero. Así, propónse establecer para o ámbito unha nova ordenación co obxecto de destinalo por completo a usos dotacionais públicos, incorporando a súa superficie aos sistemas viario (1.177 m²), de equipamentos (1.590 m²) e de espazos libres e zonas verdes (8.178 m²).

A reserva de solo para equipamentos desprázase ao suroeste do ámbito, en conexión cun viario interior das Costas do Parque e a explanada do pavillón municipal.





2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito obxecto da modificación do PXOM localízase no suroeste da cidade de Lugo. En concreto, emprázase nunha ladeira de pronunciada pendente cara o curso do río Miño situada entre o Parque de Rosalía de Castro, a estrada N-VI e o.

O río Miño discorre a uns 200 m do ámbito e dende as cotas máis elevadas existen amplas vistas da súa conca.

Na contorna próxima ao ámbito atópanse varios equipamentos e zonas verdes que constitúen espazos relevantes na cidade (parques de Rosalía de Castro e As Costas do Parque, Pazo vello de deportes, termas romanas, entre outros).

Na zona alta do ámbito localízanse dúas edificacións sen rematar e coa súa construción paralizada, a consecuencia da anulación da ordenación urbanística da unidade de actuación CS-5 ("URPI-58" no PXOM vixente). O resto do ámbito atópase sen desenvolver e vacante de edificación.

Non existen no ámbito nin na súa contorna próxima espazos naturais protexidos, nin tampouco se ve afectado por cursos de auga superficial. Insírese dentro da zona tampón e de transición da Reserva da Biosfera "Terras do Miño" e dentro do perímetro de protección das augas minerais e termais do Balneario de Lugo (1108100011).

A menos de 300m cara ao oeste discorre a traza do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior¹, ficando o ámbito da Modificación puntual dentro do seu territorio histórico. Preto do ámbito localízanse outros bens do patrimonio cultural incluídos no Catálogo do PXOM, como son o Sanatorio Portela, un edificio na rúa García Portela¹, o Parque Rosalía de Castro, o hospital de San Xosé ou o Pazo vello de deportes. Estes bens contan cun

¹ Decreto 267/2012, do 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte



contorno de protección común que afecta ao ámbito da Modificación puntual. O contorno de protección das Termas Romanas non afecta ao ámbito.

Segundo a memoria informativa, na contorna do ámbito existen redes de abastecemento de auga, saneamento e liñas eléctricas.



Emprazamento do ámbito e principais afeccións ambientais

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Recibíronse os comentarios da Asociación cultural na defensa do parque Rosalía de Castro de Lugo.

O promotor deberá considerar na Modificación puntual as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

Nos planos do proxecto de planeamento estase a omitir a representación das edificacións existentes porque contan cun expediente de reposición da legalidade. Deberase xustificar este criterio, tendo en conta que a modificación puntual debe garantir a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta.





Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Informa que deberán representarse correctamente, tanto nos planos de información como nos de ordenación, todos os bens do patrimonio cultural, así como os seus contornos de protección. O Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, representarase consonte a súa delimitación oficial establecida no Decreto 267/2012, do 5 de decembro. A delimitación dos bens do patrimonio cultural e dos seus contornos de protección é a contida nas fichas do Catálogo do PXOM, e non no Plan básico autonómico.

A Normativa da MP deberá incluír un apartado específico para a protección do patrimonio cultural, no que se recollerá o réxime de autorizacións e os criterios específicos de intervención no contorno de protección.

Indica que a ordenación que se propoña seguirá os criterios establecidos no artigo 44 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e suxire ter en conta as directrices da *Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago*. A ordenación tamén deberá ser respectuosa cos bens do patrimonio cultural, proxectando as edificacións de xeito que se impoña a menor presión posible sobre os mesmos, empregando para elo elementos vexetais e localizando as zonas libre de xeito estratéxico. Aproveitarase tamén a pendente do terreo para minimizar o impacto visual.

Instituto de Estudos do Territorio:

Agarda un efecto positivo na paisaxe, toda vez que se propón recuperar o estado natural do ámbito previo á execución do PERI, eliminándose o importante impacto paisaxístico que supoñía a execución da edificabilidade prevista.

En relación co disposto nos artigos 35 e 36 do Regulamento da Lei 7/2008, e tendo en conta a entidade e finalidade da modificación, considera suficiente o contido do documento ambiental estratéxico e da memoria xustificativa.

Asociación cultural na defensa do parque Rosalía de Castro:

Sinala que as obras da urbanización anulada encheron de terra e escombros un acueduto situado no perímetro de protección do Sanatorio Portela (achega imaxes do ben) e que sobre este construíron un viario, con orde de reposición ao estado inicial. Alega que a MP non debería contemplar esta rúa, que se debería desenterrar o acueduto ao ser un elemento etnográfico a protexer. Considera tamén que o equipamento non ten razón de ser nunha zona verde.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación puntual do PXOM de Lugo preténdese dar cumprimento a unha sentenza xudicial que anula a ordenación do ámbito CS-5, recollida no PXOM vixente como URPI-58.

O planeamento afecta a un ámbito de reducida extensión (1,09 ha) e non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras previstas e implantar os usos que se autorizan. Non inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.





Coa proposta formulada no borrador diminuírase a ocupación do solo con edificación, restituíndo o estado natural dos terreos, e aumentárase a superficie de espazos libres e zonas verdes para o disfrute da veciñanza.

Os efectos na paisaxe serán relevantes e positivos, pois desaparecerá o importante impacto paisaxístico que supoñía a execución da edificabilidade prevista.

Os efectos sobre o patrimonio cultural se prevén tamén que sexan positivos, xa que as edificacións -existentes e previstas- eran visibles dende o Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior. Con todo, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural recolle no seu algunhas consideracións e criterios que cómpre ter en conta na ordenación proxectada. A Asociación cultural na defensa do parque Rosalía de Castro cita a presenza dos restos dun acueduto que foi soterrado nas obras da urbanización anulada e solicita que se restituía, cuestión que deberá valorarse.

Ao eliminar a edificabilidade prevista tamén se reducirán as necesidades en canto a consumo de recursos e mobilidade, o cal se considera positivo.

Por todo o comentado, non se agardan efectos ambientais significativos adversos pero si positivos en canto á protección da paisaxe. Porén, establécense algunhas determinacións a ter en conta na formulación do planeamento, que se concretan de seguido.

5. Cuestións documentais

Cómpre corrixir o plano que representa a alternativa 2 no documento ambiental estratéxico (27028_MPPXOM_202107_B_AAE_ALT2).

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual do PXOM de Lugo no ámbito do URPI-58". No entanto, establécense as seguintes **determinacións**:

- Atenderase ás medidas expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para garantir a protección do patrimonio cultural, entre outras:
 - O Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, representarase consonte a súa delimitación oficial establecida no Decreto 267/2012.
 - Os contornos de protección representados serán os contidos nas fichas do Catálogo do PXOM.
 - A Normativa deberá incluír un apartado específico para a protección do patrimonio cultural.
 - A ordenación que se propoña será respectuosa cos bens do patrimonio cultural existentes na contorna, proxectando as edificacións de xeito que se impoña a menor presión posible sobre os mesmos.





- Estudarase a presenza dos restos dun acueduto que foi soterrado nas obras da urbanización do ámbito (apuntada pola Asociación cultural na defensa do parque Rosalía de Castro) e, no seu caso, valorarase a súa recuperación e protección. Todo elo sen prexuízo do que ao respecto estipule o organismo competente en materia de protección do patrimonio cultural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual do PXOM de Lugo no ámbito do URPI-58", posto que non se prevén efectos ambientais significativos adversos. Non obstante, para favorecer a integración ambiental do planeamento atenderase ás determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello de Lugo xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

